

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dezoito de outubro dedous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1170).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1171).- PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL PARA 2014 AOS SERVIZOS TRIBUTARIOS PARA MELLOR ESTUDO.

Dáse conta da proposta da directora de Ingresos, do 18.10.13, conformada pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

En data de 25.09.2013 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o amparo do sinalado no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e no uso da súa potestade de iniciativa regulamentaria, aprobou o proxecto de modificación puntual da Ordenanza Fiscal Xeral que, de conformidade co sinalado nos 89 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno, continuou a súa tramitación cara a súa aprobación inicial polo Pleno do Concello.

O posible incremento do canon da auga por parte da Xunta de Galicia e o detido estudo que das emendas presentadas ten que facerse tanto nos seus aspectos xurídico (incidencia en materias

obxecto de reserva de lei) como técnico e orzamentario recomendan a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Retirar da súa tramitación ante o Pleno (aprobación inicial) o proxecto de modificación puntual da Ordenanza Fiscal Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1172).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A CONTRATACIÓN DE 10 TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA O SERVIZO “APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL”; PRÓRROGA DO INICIO DA CONTRATACIÓN E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. EXPTE. 10401/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Emprego do 11.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 30 de setembro do 2013, mediante a que concede ao Concello de Vigo, unha subvención polo importe de 99.913,92.- euros, para a contratación a tempo parcial de 10 traballadoras desempregadas, beneficiarias do programa de inserción de mulleres vítimas, para a realización do servizo denominado: "APOIO A CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL". ao abeiro da orde de 3 de maio do 2013 (DOG 88 de 8 de maio, expte. TR351a 2013/45-5.Programa de Cooperación para ó ano 2013, segundo as características e desagregacións que figuran no anexo a resolución que se adxunta ao expediente.

2º.- Solicitar a prórroga do inicio.

3º.- Encomendar ao Servizo de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a xestión do Programa de Cooperación subvencionado para o exercicio 2013: "APOIO A CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL", (memoria e servizos aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo que figuran nos antecedentes arriba indicados e anexos ao expdte. 9833-77) e dirixido a CONTRATACIÓN A TEMPO PARCIAL de 10 mulleres beneficiarias do programa de inserción de mulleres vítimas de violencia.

4º.- BASES DE SELECCIÓN.- Relaciónase ó Expte 10036-77.- Bases de selección de persoal ao abeiro dos programas de cooperación-ano 2013, aplicándose ditas bases de selección en todo o que proceda tendo en conta a excepcionalidade prevista no artigo 10.6 da orde de 3 de maio, na que establece que excepcionalmente, previa solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e previa autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da

Consellería de Traballo e Benestar, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia.....condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores/as sociais, no seu caso. As persoas seleccionadas por este procedemento deberán en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos apartados 1 e 2 do mesmo artigo. Bases anexadas ao expediente.

O Servizo de Emprego reducirá aqueles actividades ou servizos do proxecto orixinal que se estime convinte, segundo as desagregacións que figuran no anexo a resolución aprobatoria da subvención, adxunta ao presente expediente, conforme ao establecido nas bases que regulan estas subvencións para o fomento do emprego que fai referencia ao artigo 10º da orde de 3 de maio do 2013 (DOG 88 de 8 de maio).

- A modalidade de contrato de duración determinada de interés social, tendo en conta que , en todo caso os contratos deberán formalizarse, no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención....

- A duración da contratación: 12 meses

- Nº e categorías das contratacións: total 10 contratos coas categorías de: 6 oficiais administrativas e 4 conserxes.

- Contratación a tempo parcial: 75%

- e demais condicionantes da resolución aprobatoria e anexo.

- Deberáanse adoptar as medidas necesarias que impidan unha futura transformación destes contratos en indefinidos, extremando as cautelas para evitar encadenamento fraudulento de contratos observando as previsións da lexislación laboral vixente nesta materia, ó Estatuto Básico do Empregado Público a Reforma Laboral e en concreto observar estrictamente as previsións fixadas na lexislación vixente, para aqueles traballadoras que nun período de 30 meses fóran contratadas para o mesmo ou diferente posto por un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, mediante dous ou máis contratos temporales, coas idénticas ou diferentes modalidades contractuales de duración determinada adquirirían a condición de traballadoras fixas e non obstante as candidatas propostas nominativamente pola Xunta de Galicia, para a devandita contratación quedarán sempre condicionadas aos requisitos esixidos pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, sempre de acordo coa vixente lexislación aplicada no momento da contratación.

Asimesmo é de especial importancia que pola Xefatura do Servizo de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e en todo caso pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou servizo que constitúe o seu obxecto e que no desenvolvemento da relación laboral, as traballadoras sexan normalmente ocupadas na execución daquela ou no

cumprimento deste e non en tarefas distintas, co obxecto de evitar unha futura transformación destes contratos en indefinidos.

O obxectivo desta contratación subvencionada é a de proporcionarlles as ditas traballadoras desempregadas vítimas de violencia, a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción no mercado laboral, por ser colectivos con especiais dificultades para a súa inserción laboral.

5º.- Delegar no Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a representación do Concello de Vigo, na tramitación e xestión da subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

4(1173).- PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO EN NAVIA. EXPTE. 2452/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización 18.10.13, e de acordo co informe-proposta do 15.10.13, do xefe de Área de Fomento, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

En outubro de 2013, a empresa TECNIGAL SL, presenta o proxecto de "INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO, EN NAVIA", redactado polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL D JOSE MANUEL FOUCES DÍAZ, cun orzamento total base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL TRESCENTOS SETENTA EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (165.370,59 EUROS)

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O obxecto deste Proxecto, é a de incorporar unha estrutura para cubrir a pista deportiva exterior existente no centro educativo Alfonso Rodriguez Castelao, en Navia.

As características xeométricas desta estrutura serán:

- Superficie total a cubrir: 1.301,50 m²*
- Lonxitude Total: 47,50 m*
- Ancho Total: 27,40 m*
- Altura pilares:8 m.*

As características constructivas resúmense como sigue:

- A estrutura cubrirá tanto a pista deportiva de unha superficie de 946m² (43x22 m) como as gradas de fondo e laterais que posee.*
- A estrutura de cuberta será metálica conformada por perfíles normalizados tanto para os pilares como pórticos, correas e arriostramentos, todos eles con tratamento superficial para a súa ubicación na intemperie. Con cimentación mediante zapatas independentes ailladas e vigas de atado, a ubicar en zonas laterais da estrutura.*
- A solución adoptada para a cuberta, será con panel de lana de roca con chapa interior perforada, co obxecto de atenuar o nivel sonoro, con paramentos translúcidos de policarbonato celular intercalados, para dar luminosidade a pista. Con canalóns laterais de recollida de pluviais e baixantes.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE SEMANAS.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 15 de outubro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto revisado de "Inversión de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao, en Navia", redactado por Tecnigal S.L., cun importe de execución de 165.370,59 € (cento sesenta e cinco mil trescentos setenta euros con cincuenta céntimos), IVE engadido e un prazo de execución de 7 semanas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.